

Arsenio Iglesias en Bergantiños

Celestino Pérez Recarey [CABANA DE BERGANTIÑOS](#)

Memorias daquel encontro entre o mítico adestrador do Dépor e os rapaces do CPI As Revoltas de Cabana de Bergantiños

11 mai 2023

<https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/carballo/cabana-de-bergantinos/2023/05/09/arsenio-iglesias-bergantinos/00031683658282812316927.htm>

No mes xuño de 2001 acompañei a **Arsenio Iglesias** a participar no programa ***Co galego chegaron moi alto***, organizado polo **CPI As Revoltas de Cabana de Bergantiños**. O proxecto estaba dirixido ao alumnado da ESO e tiña como obxectivo eliminar os prexuízos lingüísticos e potenciar as actitudes favorables á lingua en todos os ámbitos sociais.

Durante a xuntanza o alumnado comezou a realizar as preguntas que previamente preparan. Arsenio contestaba con euforia e estendíase bastante nas respectivas respostas, acompañadas algunhas delas con curiosas anécdotas. Nas que máis se espallou foron as que lle preguntaron sobre **Bebeto** e **Mauro Silva**, para el, os mellores xogadores que adestrou durante a súa etapa profesional. Mención aparte foi para **Fran**, o Neno como el dicía. Segundo comentaba, foi o mellor xogador de toda a historia do Dépor, despois de **Amancio** e de **Luís Suárez**.

Un alumno preguntoulle que lle gustaba máis cando era pequeno, se ir á escola ou xogar ao fútbol. El contestou con rotundidade: «Gustábame **moito máis ir á escola**, que duda cabe! Primeiro está a escola e despois, o fútbol». Resposta dun **sabio**. Outro preguntoulle se lle gustaba ser adestrador; el dixo que si, pero para ser adestrador «hai que estar **un pouco tolo**», respondeulle con contundencia.

Tamén comentou unha anécdota relacionada con **Donato**. Explicaba que despois dalgunhas sesións de adestramento, mandáballe que realizasen unha breve sesión de **jacuzzi** para distender os músculos. Todos os xogadores saíron pronto, agás Donato. Arsenio insistía que saíse xa porque a calor do jacuzzi dilata os vasos sanguíneos e diminúe a presión arterial. A resposta de Donato foi que o deixase estar un pouco máis para ver se se volvía «branco».

Cando rematou o acto, houbo moitísimos aplausos e os dous recibimos o agasallo de **dúas maquetas do casco dun barco** feito por **carpinteiros da ribeira**.

Na viaxe de volta faleille da posibilidade de facerme socio do Dépor. El preguntoume se me gustaba o fútbol e respondílle que non moito. Entón, contestoume: «Pois non te fagas; non todo vai ser fútbol».